

Na Casa Consistorial do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde Accidental, D. José Ramón Amado de la Fuente, por delegación do Decreto nº 2092/2018 de 6 de agosto de 2018, ante mí, Secretaria Xeral, Dª. María Esther Álvarez Martínez, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, de 13 de abril, do Estatuto do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e,

Vista a Resolución nº 1902/2018 de 12 de xullo de 2018 pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección de carácter temporal e duración un ano, para unha praza do posto de persoal laboral de OPERARIO/A DE REDE DO SERVIZO DE AUGAS, polo procedemento de concurso-oposición e na que que se convoca para o vindeiro 9 de agosto de 2018 para a constitución do Tribunal que se designa e par a realización da primeira fase do primeiro exercicio da fase de oposición.

Visto a imposibilidade para a constitución nesa data do tribunal designado. Por todo o exposto,

RESOLVÍN

PRIMEIRO.-Convocar aos membros do Tribunal designado para a súa constitución o vindeiro 10 de agosto de 2018 ás 10:00 horas na parcela municipal de Obras e Servizos do Concello de Arteixo, sita na Avenida da Ponte, nº 24 (Polígono de Sabón), e dando inicio ao proceso selectivo nesa mesma data.

SEGUNDO.- Convocar aos/as aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización da primeira fase do primeiro exercicio da fase de oposición, exame práctico/proba de capacitación, **o día 10 de agosto de 2018, ás 11:00 horas** na parcela municipal de Obras e Servizos do Concello de Arteixo, sita na Avenida da Ponte, nº 24 (Polígono de Sabón).

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal.

CUARTO.- Dar traslado aos membros do Tribunal, titulares e suplentes.

Mándao e asínao ante min, o Sr. Alcalde Accidental, na data que figura na marxe. Dou fé.

ALCALDE-PRESIDENTE
(Por delegación, Decreto nº 2092/2018)
Asdo.: José Ramón Amado de la Fuente

A SECRETARIA XERAL
Asdo.: María Esther Álvarez Martínez